



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTESEIS DE XULLO DO ANO DOUS MIL OITO.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas e quince minutos do día vinteseis de xullo do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Tomás Fernández González.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
D. Benito Vázquez Vázquez
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado
Dna. María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretario Accidental, o Secretario Accidental da Corporación, D. Pablo Antonio Álvarez Martínez.

Non asisten os concelleiros D. Manuel Paz León, D. Antonio Estévez González. e D. Cayetano Carballo Suárez.

Antes de pasar ós puntos da Orde do Día, o Sr. Alcalde da conta do Decreto do día 11 de xullo do 2008 no que por período de vacacións da Secretaria Interventora do Concello, nomea como Secretario Accidental da Corporación (do 14/07/08 ata o 28/07/08) ó funcionario de carreira da escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo D. Pablo Antonio Álvarez Martínez.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA ONCE DE XULLO DO 2008.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data once de xullo do ano dous mil oito, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data once de xullo de dous mil oito, resultou aprobada, por maioría absoluta, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Vázquez Vázquez e Veloso González (dúas abstencións)



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PUNTO SEGUNDO: EXPEDIENTE 2008/078, “NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO CONCELLO NO GDR-16”.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, D. Benito Vázquez Vázquez, este pide explicación de que consta este punto da orde do día.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente, D. José Lamela Bautista, e explica que este Grupo de Desenvolvemento Rural (G.D.R.-16) está formado por 14 concellos da Baixa Limia e Celanova. Visto que se está a constituír a Xunta Directiva deste G.D.R.-16, é importante para o Concello de Lobios estar presente neste órgano de xestión.

Seguidamente da lectura á:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o necesidade de nomear un representante deste Concello nos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR-16).

VISTO o informe emitido polo Secretario-Interventor Accidental deste Concello relativo á competencia plenaria para a citada aprobación.

PROPOÑO Ó PLENO DE CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro e único: Nomear ó Alcalde – Presidente como representante do Concello de Lobios nos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR-16).”

A continuación da lectura ó Informe de Secretaría Intervención:

“INFORME DE SECRETARÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 54.1.b) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, emítense o preceptivo informe relativo á incorporación do Concello de Lobios ós Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR-16) que se iniciaría coa constitución dunha comisión xestora, para o que é preciso a concorrencia do quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, conforme preceptúa o artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

1º.- Os “**Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR-16)**” constitúese como asociación voluntaria e sen ánimo de lucro, que se regulara polos Estatutos que se aproben pola Asemblea constituínte que se convoque no seu momento.

Estes GDR supoñen o conxunto representativo dos axentes público e privados con implantación na zona e que decidan involucrarse no desenvolvemento do seu territorio.

2º.- Son fins e actividades do GDR, segundo a normativa do programa Leader: Diseñar e executar en cada territorio o plan de desenvolvemento enmarcado dentro do Programa Leader Galicia 2007-2013.

Para a consecución destes fins o GDR desenrolará as seguintes actividades:



CONCELLO DE LOBIOS

Definir o programa de desenvolvemento para o seu territorio, este programa responde a descentralización do desenvolvemento rural.

O obxectivo destes grupos é que as persoas que habitan nos diferentes territorios rurais deixen de ser meros destinatarios das políticas para converterse en protagonistas do seu propio desenvolvemento.

3º.- O ámbito territorial de actuación previsto para as actividades sinaladas, polo que afecta o Concello de Lobios, queda circunscrito ós Concellos de Bande, Entrimo, Lobios, Lobeira, Muíños, Cartelle, Celanova, Gomesende, (A) Merca, Padrenda, Pontedevea, Quítela de Leirado, Ramirás, Vereia.

4º.- Os entes locais poden asociarse para fins de interese común como os apuntados segundo o establecido na Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nela tamén se recolle a aplicación do establecido na Lei Orgánica reguladora do Dereito de Asociación 1/2002 de 22 de marzo.

5º.- O acordo de incorporación do Concello de Lobios á Comisión Xestora require a adopción dos acordos por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, de conformidade co establecido no artigo 47.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Non obstante todo o anterior, da redacción da documentación que aparece no expediente, non se recolle ningún aspecto económico, pero de ser necesario habería que engadir o informe de fiscalización previa e o certificado da existencia de crédito.

Este é o meu parecer que someto a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

Nembargantes, a corporación resolverá o que estime máis conveniente.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, D. Jesús Deibe Fernández Simo, di que cos G.D.R. todos dacordo, como elemento dinamizador. Inténtase que a sociedade civil interveña nos grupos de desenvolvemento rural. Tanto P.P. como I.L. como BNG mantéñense independentes. Manifesta que xa houbo unha reunión onde se nomearon representantes de Lobios. As asociacións deben levar un papel activo, está dacordo en que ten que haber un representante do Concello na Xunta Directiva do G.D.R.-16. pero non o Sr. Alcalde pola desafortunada intervención que tivo na reunión citada. Propón ó Concelleiro do seu Grupo Político Municipal D. Cayetano Carballo Suárez, por ser que ten competencias en materia de Medio Rural.

Toma a palabra o Alcalde – Presidente, Sr. Lamela Bautista, quen di que o Sr. Fernández Simo tivo unha intervención pouco informada. Afirma o Sr. Alcalde-Presidente que estivo nesa reunión pero como representante dunha asociación non como Alcalde porque non tiña representación como Concello na reunión do pasado domingo. Incluso o propio Secretario de Medio Rural o aludiu como representante do Concello pero, non era así. O Concello de Lobios debe estar representado para poder negociar polos intereses do Concello e de Lobios.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo, desmente que o Sr. Alcalde estivera representando ó P.S.O.E.. Insiste en que “xa se nomearon representantes e non ven a conto



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

pretender facer o contrario agora”. Está dacordo en que o Concello debe estar representado pero, “non así”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e insiste que na reunión non estivo como representante do Concello senón dunha asociación. Afirmar que “os únicos intereses que nos deben mover son os intereses municipais e non os dunha asociación en concreto”.

Intervén o Sr. Fernández Simo para dicir “non podemos ser agora H e logo I”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que non admite as acusacións que se están facendo. Reclama para o Concello a voz institucional que lle corresponde. Non se debe minorar o peso do Concello. Trátase de sacar o máximo posible para o Concello.

Concedida a palabra ó Sr. Voceiro do PP, Sr. Vázquez Vázquez di que carecía de información pero dáse conta da carga política que ten este punto. Pregunta porqué non se levou a cabo unha reunión previa dos voceiros dos distintos Grupos Políticos. Anuncia que non vai votar a favor do nomeamento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e di que o que hai que sacar é a máxima rentabilidade para o Concello e non politicamente. Di que hai tres opcións posibles e propón que se adopte a máis interesante para o Concello. Hai que despolitizar o tema.

O Voceiro do Grupo Municipal P.P., Sr. Vázquez Vázquez volve a preguntar porqué non se negociou previamente.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo indica que se a proposta de hoxe fora feita o venres pasado non tería inconvinte, pero, a día de hoxe non porque nomeáronse unha serie de representantes o domingo pasado e o Sr. Alcalde pretende outra representación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente quen di que non admite as mentiras. O propio Secretario de Medio Rural era o que dirixía a reunión “¿non é eso politización?”, bórrase ós alcaldes como representantes e proponse ós concelleiros por intereses políticos. Insiste en que o que debe prevalecer son os intereses municipais.

Concedida a palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do P.P., di que ve unha “movida” con este asunto. Di que si o alcalde iba en representación dunha asociación, leva a entender que ten intereses por esa asociación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e afirma que “a desinformación por parte de AGADER foi patente”.

Solicita o Sr. Fernández Simo, que esta afirmación do Sr. Alcalde conste en Acta.

Retoma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que isto non é unha guerra política. Catro (4) millóns de euros é o que hai que repartir na zona e o P.S.O.E. é alleo a esta politización.

Toma a palabra o Sr. Fernández Simo afirma que é evidente que houbo negociación política polo medio. Defende o acordado hai unhas meses, “non se pode estar en dous lados á vez”. O tecido asociativo de Lobios xa votou a favor da representación acordada.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente, di que cando se nomea a directiva final é agora, e a postura que se adopta é a de defensa dos intereses dos veciños. Se o Partido Popular ofrece mellores propostas para os veciños, iremos cos que fagan as mellores ofertas para o Concello.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, di que sería interesante que os veciños e as directivas das asociacións foran informados. Afirmar que “é penoso que dúas autoridades discutan cando hai pouco asignaron soldos”. Procedería ter feito unha negociación previa. Hai un alcalde pertencente a un partido político e debe haber reunións previas para acordar estes puntos. Di que o Alcalde ten atribucións para retirar este punto da orde do día.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, afirma que todos os Grupos Políticos estamos para defender os intereses do Concello, nin el nin ningún dos outros concelleiros do P.P. forma parte de ningunha asociación, e segue dicindo que debería ter habido unha reunión previa dos Voceiros dos distintos Grupos Políticos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente, dicindo que ata hai tres días non se soubo se o Pleno era competente para o nomeamento. Procede facer hoxe o nomeamento porque o día 29 terá lugar a reunión constituinte, “non hai volta atrás”.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, propón un acordo porque fan falta seis votos.

O Sr. Fernández Simo di que a proposta é concreta e non se pode saltar as regras despois do acordado o domingo, anuncia o seu voto negativo.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, e vista a premura, propón que o propio Alcalde se desligue das asociacións ás pertence.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que os intereses que prevalecen son os do Concello. Como asociación, desde este momento deixa de representala. Deféndense os intereses de Lobios non se vai en contra das asociacións. O que se busca é a mellor opción para Lobios. A representación dos concellos é do 49% e insiste unha vez máis no interese de poder estar representado como Concello.

O Sr. Veloso González afirma que eticamente está obrigado a apoiar ó Sr. Alcalde e que así o vai facer.

Toma a palabra o Sr. Fernández Simo dicindo que lle parece moi grave o que se vai votar. Como representación municipal “estámolle dando as costas ó tecido asociativo do Concello e o que se pretende é o control político”.

Seguidamente procédese á votación, resultando **aprobada a proposta da Alcaldía por sete (7) votos a favor, 3 dos integrantes do Grupo Socialista, Sres./as. Lamela Bautista, Fernández González, Rodríguez Broullon), 3 do P.P. Srs./as. Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, González González, e 1 do I.L. Sr. Veloso González e un (1) en contra do Voceiro do BNG Sr. Fernández Simo.**



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PUNTO TERCEIRO: DECRETOS DO MES DE MAIO DO 2008.

O Sr. Alcalde da lectura á relación de Decretos emitidos pola Alcaldía durante o mes de maio do 2008.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, pide que conste no expediente o número de matrícula dos coches. Afirmar que é de dominio público que particulares enchen o depósito do seu coche, e de ser certo hai que dar conta á autoridade competente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde di que xa consta a matrícula dos vehículos nos albarás correspondentes.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

Non hai Mocións.

Da lectura o Sr. Alcalde ó escrito recibido da Consellería de Presidencia sobre a Moción presentada no seu día polo Grupo do BNG sobre o Servicio de Correos.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo informa que:

1. Estanse a organizar as festas municipais do 2008 e que por un acordo que hai entre as axencias de espectáculos, si se deben cartos a unha axencia, as outras non poden contratar. Espectáculos Albar vai impugnar o acordo e polo tanto non temos orquestras para as festas.
2. Con Benestar Social xa hai un acordo para construír un centro residencial en Lobios. As negociacións van a bo ritmo.
3. O día 1 visita Grou o Delegado de Vicepresidencia, solicita a representación de cada Grupo Político no acto.
4. Informa das queixas sobre o estado dos camiños do Concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que da reunión do día 1 de agosto recibiu unha comunicación verbal. Hai movemento social en Lobios, hai unhas mil e pico sinaturas sobre a ubicación do Centro de Día. O Sr. Alcalde afirma que non está ó fronte deste movemento e que xa solicitou unha entrevista co Sr. Castrillo (Xerente do Consorcio Galego do Servicio de Igualdade e Benestar).

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, di que é lamentable o enfrontamento entre os dous Grupos Políticos responsables do Goberno Municipal. E en rogos solicita se responda por escrito ás preguntas feitas en Plenos anteriores e solicita unha relación de licencias de obra concedidas este ano 2008.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, di que é lamentable que non haxa cartos para as festas. Formula as seguintes preguntas:

1.- ¿Qué solución se lle vai dar á débeda de 200 e pico millóns de pesetas (1 millón e pico de euros) que existe no Concello?.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen di que é certo que hai dificultades e menciona o informe da Alcaldía do orzamento para 2008 onde fai referencia á débeda e as posibles solucións.

Pregunta o Sr. Veloso González que é o que se vai facer coa débeda anterior.

O Sr. Alcalde di que hai facturas legais que recoñecen o gasto.

O Sr. Veloso González di que se deben moitos cartos e pregunta si se vai facer o mesmo que na época de “Ferreira” que quen entrou posteriormente no goberno municipal prometeu unha auditoría e logo non se fixo nada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e di que a realización da auditoría ten un custo económico.

Insiste o Sr. Veloso González en que hai que dar solución ó da débeda e volve a preguntar si se vai a investigar a débeda.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo, quere aclarar que diñeiro para as orquestras si hai, pero menos que o ano anterior. Afirma que hai unha impugnación dos contratos con outras orquestras por parte de Espectáculos Alvar. En cuanto ó da débeda, el está interesado en que desde o ano 1992 ata hoxe en facer o posible por aclarar as contas e apoiarán as iniciativas propostas que vaian nese sentido. “Investiguemos a verdade de todos”.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, di que está dacordo e que apoiarán as medidas que o Sr. Veloso propón.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, propón que se vote unha moción de urxencia para aclarar as contas municipais desde 1992 ata hoxe.

O Sr. Vázquez Vázquez anima ó Sr. Veloso para que presente a moción.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso alude á posibilidade de presentar a moción pola vía de urxencia. Propón a celebración dunha auditoría de contas desde o ano 1992 ata a actualidade.

Votada a urxencia da moción, este resulta aprobada pola unanimidade dos presentes, oito (8) votos a favor.

Queda polo tanto dada por presentada e aprobada a moción de urxencia referente á “Auditoría das contas municipais desde o ano 1992 ata a actualidade”.



CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo di que defende a transparencia e que hai indicios serios sacados polo Consello de Contas e convén aclarar se estes feitos son reais. Propón a ampliación das datas do período para a realización da auditoría.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez propón ampliar a moción ata os beneficios obtidos polo encoro de Lindoso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente quen tamén defende a transparencia total pero que afirma estar preocupado polos custes externos que pode ter a auditoría. Ademais advirte sobre a necesidade de pedir un informe técnico sobre a moción presentada.

Proposta polo Sr. Alcalde – Presidente a votación, a moción “Celebración dunha auditoría das contas municipais desde os beneficios obtidos polo encoro de Lindoso ata a actualidade” resulta aprobada pola unanimidade dos presentes (8 votos a favor).

2.- ¿Cando terá o Concello de Lobios un vehículo para extinción de incendios?

O Sr. Alcalde informa que hai un convenio asinado coa Consellería de Presidencia e estase a tramitar a consecución dun vehículo de extinción de incendios. Neste sentido, non hai que alarmarse con esta cuestión e pon como exemplo o último incendio forestal no que enviaron 7 helicópteros para a súa extinción.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo di que a Consellería de Medio Rural non ten competencias en incendios urbanos. Aínda si, teñen boa disposición para axudar a resolver este problema.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez pregunta qué danos ten a motobomba que existía no Concello.

O Sr. Alcalde – Presidente responde que caeu ó río e ten avarías graves. A día de hoxe, hai un vehículo para incendios concedido pola Consellería de Presidencia por valor de 120.000 € que está a trámite o expediente de adjudicación para a súa compra por parte do Concello. No inverno tñíamos un vehículo pero ó chegar o verán, “levárono”, por tal motivo presentouse a oportuna queixa a Medio Rural.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo, informa que Medio Rural cedeu unha motobomba para paliar esta situación, o vehículo era deles, cedérono temporalmente. De tódolos xeitos, Medio Rural está tratando de asignar unha motobomba, son os técnicos os que deben avalar esa decisión.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, di que fai catro anos, co goberno do P.P. gastáronse 82.000 € na compra dunha motobomba a Autos Pazo.

3.- Auga de Riocaldo. ¿cando se construíra a piscina pública municipal con auga termal? O Sr. Alcalde ten os dous gobernos a favor, nacional e autonómico e o problema de Riocaldo segue sen solución. O pobo perdeu os seus dereitos, ¿cando se vai resolver?.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dille ó Sr. Veloso González que el xa está o suficientemente informado pero os elementos non varían e o problema está na Confederación Hidrográfica do Norte. Hai unha circunstancia de organización interna que está ralentizando a solución ó problema de Riocaldo. Informa que a semana pasada estiveron tres técnicos da C.H.N.e hai inconvintes para construír en zona de avenida. A Ministra debe tomar decisións políticas. En breve haberá unha reunión co Presidente da C.H.N.. O tema está “vivo e segue avanzando”.

Concedida a palabra ó Sr. Veloso González, di que debe haber un acordo de cesión da auga termal en beneficio do Concello de Lobios. Afirmar que hai terreo municipal para construír a piscina. “Eu encargareime da financiación e da negociación da obra” afirma o Sr. Veloso González e defende o uso público da piscina para o Concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e di que se é beneficioso para o Concello, “adiante”.

Concedida a palabra ó Sr. Fernández Simo di que hai que buscar recursos fora. Afirmar que en setembro, si hai un proxecto definido, podería buscarlle financiación por parte da Consellería de Industria.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que está totalmente dacordo e di que “sería magnífico que a parte que lle corresponde financiar ó Concello nos proxectos presentados en INTERREG (pendentes de aprobación) os puidera aportar unha Consellería da Xunta”. Di o Sr. Alcalde que hai un problema técnico para levar a cabo o proxecto. Afirmar que xa hai contactos coa Ministra para que cando haxa novo Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño – Limia (con sede en Ourense) entón tomaranse decisións.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, afirma que a piscina que hai, non está autorizada, “non se poden crear falsas expectativas”.

O Sr. Alcalde di que a única solución é executar o proxecto do muro cara ó exterior, na zona de avenida non se pode construír.

O Sr. Veloso González di: “o tema é sinxelo”, “hai particulares que teñen tódolos permisos e o Balneario non ten permiso da C.H.N.”. Propón abrir un expediente e verificar se ten permiso da C.H.N. aínda que afirma “cónstame que non o ten” e por tal motivo hai que negociar. A auga que tiran teñen que cedela ó Concello, por escrito. Recoñece que o Balneario é unha boa obra, da traballo á xente de Lobios. Volve a insistir que hai que chegar a un acordo, se non é posible, abrírlle un expediente. Volve a repetir “o dicente afronta o custo do proxecto”. O terreo para facer a obra haino de propiedade municipal. “O tema é moi sinxelo, hai que ter agallas e afrontalo”

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente quen di que o tema está claro pero que as cousas non son tan sinxelas. A legalidade hai que respectala, non é tan fácil como parece, é un asunto que hai que levalo desde un punto de vista serio.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, responde ó Sr. Veloso dicindo que no expediente que existe no Concello consta toda a documentación, incluso as sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e incluso do Supremo, favorables ás actuacións levadas a cabo, “só ten que mirar o expediente”, e que non faga tanta demagogia.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas do día anteriormente sinalado, do que eu como secretario accidental dou fe.

O Presidente

O Secretario Accidental

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Pablo Antonio Álvarez Martínez